

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

ESTRADA, A

Outros documentos, notificacións e informacións públicas

APROBACIÓN DEFINITIVA MODIFICACIÓN ORDENANZA REGULADORA DO PREZOS PÚBLICOS

A N U N C I O

Elevado a definitivo o acordo do 24 de marzo de 2020, de modificación da ordenanza reguladora do prezo público pola asistencia e estancia en residencias, albergues, garderías infantís e outros establecementos de natureza análoga, ao non terse presentado alegación ningunha no prazo anunciado no B.O.P. nº 62, do 31 do dito mes, faise publico o texto íntegro do apartado I do Anexo, en cumprimento do disposto no artigo 49 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local.

ORDENANZA REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLA ASISTENCIA E ESTANCIA EN RESIDENCIAS, ALBERGUES, GARDERÍAS INFANTÍS E OUTROS ESTABLECEMENTOS DE NATUREZA ANÁLOGA

«ANEXO:

I. Escola infantil municipal

1.—As contías dos prezos públicos da escola infantil municipal serán as aprobadas e publicadas no Diario Oficial de Galicia para rexer en cada curso escolar nas escolas infantís 0-3 dependentes da consellería competente en materia de familia e infancia.

2.—Establécese unha bonificación do 100 por cento das cantidades correspondentes á atención educativa nos supostos de matriculación do segundo fillo ou filla e sucesivos/as das unidades familiares que contén cun mínimo de dous.

3.—Sobre as cotas resultantes de aplicar as tarifas establecidas realizaranse os seguintes descontos:

- O 20 por cento, no caso de nenos/as que pertencen a unha familia numerosa. Enténdese por familia numerosa, aquela que reúna as condicións que determina a Lei 40/2003, do 18 de novembro, de protección ás familias numerosas.
- O 20 por cento, no caso de nenos/as que pertencen a unha unidade familiar monoparental.



Martes, 26 de maio de 2020

Núm. 99

Para a aplicación dos descontos teranse en conta as circunstancias concorrentes no momento de presentación da solicitude da praza na escola infantil 0-3, que deberán xustificarse documentalmente de non coincidir coas existentes na data de devengo do I.R.P.F. correspondente á declaración achegada.

4.—Cando por circunstancias sobrevidas (solicitude fóra de prazo, traslado de residencia, etc.), o/a neno/a ingrese no centro con posterioridade ao día 15 do mes, a cota que corresponda pagar polo dito mes terá un desconto do 50 por cento.

5.—Suspensión temporal da cota.

1.—Os suxeitos obrigados ao pago non terán a obriga de aboar a cota correspondente á atención educativa e ao servizo de comedor durante os seguintes períodos:

a) O mes de vacacións anual da/o nena/o.

b) Cando por calquera motivo distinto ao período de vacacións anuais o centro permaneza pechado por tempo superior a quince días naturais.

En ambos os dous casos a suspensión realizarase de oficio.

2.—Os suxeitos obrigados ao pago non terán a obriga de aboar a cota do servizo de comedor cando, por causa debidamente xustificada, a/o nena/o deixe de asistir temporalmente ao centro. Neste caso, a suspensión da cota terá lugar desde o primeiro día do mes natural seguinte á data de inasistencia ao centro e durará ata o día primeiro do mes natural en que teña lugar a reincorporación da/o nena/o ao centro. Non obstante, se a reincorporación se produce con posterioridade ao día 15 do mes, a cota do comedor correspondente ao dito mes reducirase nun 50 por cento.

A solicitude de suspensión da cota deste servizo, xunto coa acreditación documental da circunstancia que a motiva, deberá presentarse ante o órgano competente, que resolverá sobre a procedencia da exención. No suposto de reincorporación, o pagamento da mensualidade que corresponda realizarase no prazo dos dez días naturais seguintes á data de reincorporación. Se o órgano competente acordase a non procedencia da suspensión solicitada, o suxeito obrigado deberá ingresar as cotas atrasadas no prazo dos dez días naturais seguintes á notificación da resolución denegatoria.»

Disposición final: A bonificación establecida no parágrafo 2 do Anexo I aplicarase con efectos do primeiro día do mes seguinte á entrada en vigor da presente modificación.

O ALCALDE, José C. López Campos

ASINADO ELECTRONICAMENTE AO MARXE

